

CONSULTA PÚBLICA

PARTICIPACIÓN CIDADÁ EN PROCEDEMENTOS DE ELABORACIÓN DE NORMAS: ARTIGO 133 LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO DAS ADMINSTRACIONES PÚBLICAS.

NORMA A ELABORAR: ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E TENENCIA DE ANIMAIS.

1.- Antecedentes da norma:

Dende o Concello de Viveiro estase iniciando o procedemento de elaboración da ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E TENENCIA DE ANIMAIS.

Dacordo coa Declaración universal dos dereitos dos animais aprobada pola UNESCO o 27 de outubro de 1978 e ratificada posteriormente pola Nacións Unidas, os animais son seres vivos sensibles que teñen uns dereitos que a especie humana debe respectar, o que constitúe un dos fundamentos da coexistencia das especies no mundo. Tamén se recoñece que o respecto aos animais está ligado ao respecto entre os propios humanos.

Segundo establece o artigo 45 da Constitución Española, enmarcado dentro do Título I, capítulo terceiro “Dos principios reitores da política social e económica” da mesma, “Todos teñen dereito a disfrutar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. Os poderes públicos velarán pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva. Para os que violen o disposto no apartado anterior, nos términos que a Lei fixe estableceranse sancións penais ou, no seu caso, administrativas, así como a obriga de reparar o dano causado”.

Corresponde aos municipios a responsabilidade de configurar a preservación da salubridade pública coa garantía do respecto, defensa e protección dos animais, mantendo un equilibrio cos intereses xerais. É imprescindible para garantir o exposto establecer un marco xurídico de aplicación.

Dende a Xunta de Galicia apróbase no Parlamento Galego a Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, norma que entrará en vigor en xaneiro de 2018. Faise necesario completar a dita normativa cunha Ordenanza municipal que desenvolva a mesma no marco municipal de Viveiro.

Coa aprobación da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común regúlase a participación dos cidadáns, organizacións e asociacións que o consideren oportuno no procedemento de elaboración das normas (artigo 133 da citada lei) a través dunha consulta que ten por obxecto recabar a opinión dos suxeitos e organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma sobre os seguintes aspectos:

Concello de Viveiro

- a) Problemas que se pretendan solucionar coa iniciativa.
- b) Necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Obxectivos da norma.
- d) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

2.- Problemas que se pretenden solucionar.

Coa aprobación da ordenanza asegúrase a aplicación e cumprimento da normativa desenvolvendo a mesma dentro do marco municipal e garantindo así a seguridade xurídica.

3.- Necesidade e oportunidade da súa aprobación.

Sendo competencia dos Concellos determinados aspectos en materia de protección e tenencia de animais (imposición de sancións leves nos supostos de incumprimento por exemplo) faise necesario o desenvolvemento da norma a nivel local.

4.- Obxectivos da norma.

Fixar a normativa que regule a convivencia, posesión, utilización, exhibición e comercialización de todo tipo de animais no termo municipal de Viveiro, regulando as atencións mínimas que han de recibir os animais (trato, hixiene, cuidado, protección, transporte).

Regular as normas que han de cumprir os establecementos adicados a mantelos temporalmente, os requisitos e características dos consultorios, clínicas e hospitais, e a recollida, sacrificio e esterilización dos animais.

Tipificar as infraccións e sancións aplicables competencia dos Concellos.

5.- Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

- a) Desenvolver a normativa a través de ordenanza municipal

O feito de garantir a seguridade xurídica establecida na Constitución Española e cumprir co establecido nas leis á ora de marcar as competencias locais faise necesario a regulación e desenvolvemento das normas, sendo a ordenanza o medio propio dos Concellos para a regulación normativa.

- b) Non proceder ao desenvolvemento da normativa a través de ordenanza

Unha ordenanza é a norma xurídica propia de regulación normativa dos Concellos. Non proceder ao desenvolvemento xeraría inseguridade xurídica e non cumpriría o mandato constitucional.

6.- CONSULTA PÚBLICA. Prazo da consulta.

Dende o momento da publicación da presente consulta no Portal web do Concello de



Concello de Viveiro

Viveiro os suxeitos e organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma gozarán dun prazo de 20 días hábiles para a presentación da opinión que consideren en relación á futura norma e que se remitirá a este Concello enviándoa ao mail rsf.secretaria@viveiro.es ou rexistrándoa de entrada a través do rexistro xeral do Concello de Viveiro.

En Viveiro, na data da sinatura dixital ao marxe

María Loureiro García

Alcaldesa de Viveiro